

Inscripcións:

Só se recollerán inscricións por teléfono no 981 610 000 e en horario de 16:00 a 20:00 horas. Para inscribirse debe facilitar o nome, DNI, data de nacemento e parada de autobús.

As prazas son limitadas e outorgaranse por rigorosa orde de inscrición.

Só poderán participar as persoas que teñan **cumpridos os 60 anos** e se atopen **empadroadas en Oleiros**.

Busque a localidade coa que desexe participar e apúntese nas datas de inscrición que lle corresponda:

EXCURSIONISMO

- Grupo de Perillo, 12 e 13 de marzo
- Grupo de Nós, 14 e 15 de marzo
- Grupo de Dorneda, Maianca, 16 e 19 de marzo
- Grupo de Sta. Cruz, Montrove, 20 e 21 de marzo
- Grupo de Oleiros, Iñás, 22 e 23 de marzo
- Grupo de Serantes, Dexo, 26 e 27 de marzo

SENDEIRISMO

- Todos os grupos de sendeirismo, 3 e 4 de abril

Regulamento:

As excursións dun día teñen un **prezo público de 7 euros** e as de **fin de semana 50 euros**. No prezo inclúese transporte, equipo de monitores, seguros e visitas. Na ruta de fin de semana tamén se inclúe no prezo o aloxamento, un almorzo, comida e cea.

As persoas deben aboar a excursión na semana posterior á realización da mesma. Os recibos para realizar o pago do prezo público se lle entregarán durante a excursión no autobús. As persoas que non realicen o pago no prazo establecido serán dadas de baixa en todas as excursións nas que estean apuntadas.

Nas excursións de fin de semana deberán recoller o impreso do pago nas oficinas de Servizos Sociais e realizar o pagamento entre o 29 e o 31 de agosto. Deberán entregar nestas datas o resgardo de pago nas oficinas de Servizos Sociais en Oleiros.

A comida das excursións dun día non está incluída e corre a cargo de cada participante. As persoas que reserven a comida están obrigadas a aboala se non comunican a baixa 9 días antes da excursión.

Os asentos dos autobuses non están numerados, en ningún momento se realizarán reservas.


As persoas inscritas nas rutas dun día **deben comunicar as renuncias á praza nun prazo máximo de tres días de antelación á saída.** De non facelo así, causarán baixa en todas as excursións nas que están inscritas.

Para participar en sendeirismo é obrigatorio participar na primeira ruta "Oleiros en barro" e acudir á reunión de formación no teatro As Torres de Santa Cruz o 13 de abril ás 11:00 h da mañá.

O Concello sempre poderá anular as prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.

Os horarios de saída comunicaranse por teléfono na semana anterior á realización de cada saída.

Poderán consultar calquera aspecto deste regulamento nas oficinas de Servizos Sociais.



Ven e Descubre!

2018

Os outros OLEIROS



Ven e Descubre!

2018 | Os outros OLEIROS

EXCURSIONISMO ▶ Itinerarios culturais en autobús con visitas guiadas en grupo

■ Os outros Oleiros:-----

Ruta por terras de Riveira

Unha ruta polos Oleiros de Riveira, entre o dólmen de Axeitos e o parque natural de Corrubedo.

■ Buño, a olería viva:-----

Polas terras de Buño e Ponteceso

Coñeceremos a fondo o traballo e a historia desta vila oleira, visitando o Ecomuseo do Forno do Forte e os talleres dos oleiros.

■ Pasado e presente da cerámica:-----

Ruta por Sargadelos, Viveiro e San Cibrao

Coñeceremos a historia e o presente da renovación da industria da cerámica en Galicia nas fábricas Sargadelos e Regal.



● EXCURSIONISMO	Os outros Oleiros	Buño, a olería viva	Pasado e presente da cerámica
1 PERILLO	7 de ABRIL	30 de XUÑO	25 de MAIO
2 NÓS	14 de ABRIL	23 de XUÑO	8 de XUÑO
3 DORNEDA - MAIANCA	21 de ABRIL	19 de MAIO	13 de XULLO
4 SANTA CRUZ - MONTROVE	28 de ABRIL	26 de MAIO	22 de XUÑO
5 OLEIROS - IÑÁS	5 de MAIO	9 de XUÑO	29 de XUÑO
6 SERANTES - DEXO	12 de MAIO	16 de XUÑO	6 de XULLO

SENDEIRISMO ▶ Sendeirismo guiado camiñando entre 10 e 14 Km

■ Oleiros en barro:-----

Desde Serantes a Liás

Levamos o barro no nome, a historia da industria do barro acompañaranos neste roteiro. Acompañados dos “guías da memoria” escavaremos na historia da primeira fábrica de louza de Galicia en Dorneda e visitaremos o Museo Os Oleiros.



■ Ruta dos oleiros da Ribeira Sacra:---

Na Ribeira Sacra lucense. Sober

Ruta por camiños e miradoiros da Ribeira Sacra lucense que nos levará a coñecer os artesáns que manteñen viva a “olería” negra de Gundivós.

■ Ruta das telleiras:-----

Valga. Mesía

Ruta polo entorno da antiga barreira de Valga, onde o espazo industrial coa arxila se converte en zonas húmidas de importancia natural.

■ Os louceiros de Arousa:-----

Cambados, Vilagarcía, Cortegada

Unha ruta onde coñeceremos a relación da ría de Arousa coa extracción e transformación do barro. Embarcarémonos para descubrir a Illa de Cortegada no “Parque nacional das Illas Atlánticas”

● SENDEIRISMO dun día	Oleiros en barro	Ruta dos Oleiros da Ribeira Sacra	Ruta das telleiras	Os louceiros de Arousa
1 PERILLO - MONTROVE	8 de MAIO	5 de XUÑO	3 de XULLO	11 de SETEMBRO
2 NÓS - OLEIROS - IÑÁS	24 de ABRIL	22 de MAIO	19 de XUÑO	4 de SETEMBRO
3 SANTA CRUZ - DORNEDA - SERANTES - DEXO - MAIANCA	15 de MAIO	29 de MAIO	26 de XUÑO	6 de SETEMBRO

SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA ▼

■ Camiños de barro alén do Miño ▶

Entre cabaqueiros e azulexos

Río Miño e río Lima no norte de Portugal

Unha fin de semana de descubrimento, camiñando polas “ecovías” do río Miño e o río Lima que nos achegarán a observación e o coñecemento de dúas técnicas de explotación do barro: os cabaqueiros do Rosal e os azulexos de Portugal.

● SENDEIRISMO de fin de semana

Mais alá do Miño, entre cabaqueiros e azulexos

Todas as localidades

15 e 16 de SETEMBRO

22 e 23 de SETEMBRO